




MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Debuxo de Manuel Gallego Jorreto,
arquitecto do edificio



XVIII CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2019

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre

Domingo, 5 de maio
12.00 h

Concerto:
**A música dos séculos
XVII e XVIII**

Visita: A pintura barroca

ENSEMBLE ALLETTAMENTO

Mario Braña (violín)

Elsa Pidre (violonchelo)

Sábado, 1 de xuño
19.30 h

Concerto:
A música contemporánea
Concerto de clausura do
Festival RESIS

MULTIPENSEMBLE

Rafael Yebra (saxofón)

David Rodríguez

(percusión)

Domingo, 16 de xuño
12.00 h

Concerto:
O Romanticismo tardío
Visita: A pintura do século XIX

BASSANO ENSEMBLE

Ana Margarida Silva (piano)

Fernando Rodrigues (contrabaixo)

Risto Vuolanne (contrabaixo)

PROGRAMA

O TRIUNFO DO DIÁLOGO

Giovanni Battista Cirri
(1724–1808)

Dúo para violín e violonchelo
en Sol M Op. 1 N° 3

Allegro

Giovanni Maria Bononcini
(1642–1678)

Arie, correnti per violino
e violone o spinetta Op. 4
*L'Anghisciola / Sarabanda /
La Molza*

Arcangelo Corelli
(1653–1713)

Sonata a violino e violone
o cembalo Op. 5 N° 9

*Preudio / Giga / Adagio /
Tempo di gavotta*

Giuseppe Valentini
(1681–1753)

Alletamento per camera,
a violino, e violoncello,
o cembalo Op. 8 N° 4

Largo / Presto

Carlo Tesserini (1690–1766)

Alletamento da camera
a violino solo e violoncello
en Sol M Op. 3 N° 2

Allegro / Andante / Presto

Giovanni Benedetto Platti
(c. 1697–1763)

Ricercare á violino
e violoncello N° 1

*Adagio / Allegro / Largo /
Allegro*

Giovanni Battista Cirri
(1724–1808)

Dúo para violín e violoncelo
en Sol M Op. 12 N° 4

*Allegro con Brío / Adagio /
Allegro*

ENSEMBLE ALLETTAMENTO É un proxecto do violinista Mario Braña e a violonchelista Elsa Pidre que nace como resultado da unión dunha dilatada traxectoria musical conxunta e do interese de ambos pola música antiga. Tras finalizar o Máster de Interpretación en Música Antiga na ESMAE de Porto con Amandine Beyer, Benjamin Chénier (violín barroco) e Marco Ceccato (violonchelo barroco), en xullo de 2016, dentro do V Concurso Internacional de Música Antiga de Xixón resultan finalistas e son galardoados co Premio Especial do Público, onde o xurado destacou “a súa forza expresiva e a súa calidade para comunicar na forma de interpretar” (*La Nueva España*, 16/07/2016). Neste momento deciden abordar o estudo das orixes do repertorio para violín e violonchelo dos séculos XVII e XVIII con instrumentos orixinais e desde unha perspectiva historicamente informada. En xullo de 2017 obteñen o Gran Premio do Xurado no VI Concurso Internacional de Música Antiga de Xixón, onde a crítica especializada resaltou que “ademais dunha gran preparación técnica, a súa actuación evidenciou unha perfecta compenetración e a capacidade de transmitir emocións cun repertorio italiano do barroco tardío seleccionado para a ocasión [...] e a compenetración foi tal que o dúo parecía un só instrumento multiplicando voces” (*La Nueva España*, 14/07/2017). Tomando este traballo como punto de partida, desenvollen outros proxectos que abarcan fundamentalmente os séculos XVII e XVIII, adaptando a formación en función do repertorio e cos que pretenden, entre outros obxectivos, recuperar o patrimonio musical menos coñecido da Península Ibérica. O Ensemble toma o seu nome dos Allettamenti da *Camera de Tesserini*, unha das primeiras obras especificamente indicadas para violín e violonchelo. A conexión co público é un dos principios do Ensemble e, nesa liña, buscan o “allettamento”, o suxectivo, o atractivo, agradar, seducir e mover os afectos do espectador nas súas interpretacións.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XVIII CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2019

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña **Sede:** Salón de actos **Horario:** 19.30 h **Entrada libre**

Domingo, 5 de maio
12.00 h

Concerto:
A música dos séculos XVII e XVIII
Visita: A pintura barroca

ENSEMBLE ALLETTAMENTO
Mario Braña (violín)
Elsa Pidre (violonchelo)

Sábado, 1 de xuño
19.30 h

Concerto:
A música contemporánea
Concerto de clausura do Festival RESIS

MULTIENSEMBLE
Rafael Yebra (saxofón)
David Rodríguez (percusión)

Domingo, 16 de xuño
12.00 h

Concerto:
O Romanticismo tardío
Visita: A pintura do século XIX

BASSANO ENSEMBLE
Ana Margarida Silva (piano)
Fernando Rodríguez (contrabaixo)
Risto Vuolanne (contrabaixo)

PROGRAMA

Michael Finnissy (1946)
KULAMENDILAN*
Saxofón soprano e percusión

Jacobo Gaspar (1975)
RESONANCIAS ARBÓREAS**
Baseada na escultura
Árbore de Manolo Paz
(colección permanente
do Museo de Belas Artes)

Dai Fujikura (1977)
SAKANA
Saxofón tenor

Hachè Costa (1980)
**TRATADO ESPIRITUAL DAS
TRES VÍAS II AMOR DIVINO****
Baseada na talla *Amor divino*
de Emilio de Madariaga
(colección permanente
do Museo de Belas Artes)

* Estrea en España
** Estrea absoluta

MULTIENSEMBLE Este colectivo preséntase por primeira vez en novembro de 2009 cun concerto monográfico adicado á figura do compositor K. Stockhausen mediante a colaboración co Goethe-Institut Madrid dentro do Festival Are More de Vigo. Froito da colaboración con artistas de diferentes ámbitos: vídeo, electrónica, artes plásticas, teatro, entre outras, presenta proxectos nos que conxuga múltiples expresións artísticas. Exemplo disto o atopamos na súa “ópera interactiva”, *Visións Sonoras sobre o Lérez*, proxecto patrocinado polo Concello de Pontevedra e que se presentou o 21 de xuño de 2012 na mesma cidade con motivo do Día Europeo da Música.

COMPOSITORES: JACOBO GASPARGRANDAL (Mos, 1975) Titulado Superior en Composición polo Conservatorio Superior de Música de Vigo, realiza estudos de Posgrao en Composición no Conservatorio Superior de Música de Aragón con José Manuel López López e doutórase en Musicoloxía pola Universidade de Oviedo. Tamén é Licenciado en Ciencias Económicas pola Universidade de Vigo. Como compositor recibiu importantes premios, coma o primeiro premio *Xavier Montsalvatge* no XX Premio *Jóvenes Compositores Fundación Autor* – CDMC (Madrid, 2009), o primeiro premio na *VI International Jurgenson Competition for Young Composers* (Moscova, 2011), o *Special Prize* e o *Audience Prize* no *Isang Yun International Composition Prize 2013* (Seúl, Corea do Sur), a mención de honra no Premio *Valentino Bucchi-Parco della música* (Roma, 2014), ou o segundo premio no *8º Concurso Internacional de Composición da Póvoa de Varzim* (Portugal, 2015). A súa obra parte da modernidade e do novo paradigma que esta define, no que se reformula a relación son-música, algo do que se deriva unha expansión dos medios e das técnicas instrumentais, novas liñas de traballo cos intérpretes e unha concepción da escoita dirixida a ensanchar a experiencia perceptiva. **HACHÈ COSTA (Noia, 1980)** Maiormente coñecido polo seu traballo como compositor, orquestrador ou produtor no ámbito televisivo e cinematográfico, a súa música para concerto entronca por igual coas correntes do minimalismo sacro ou a creación de forte base política. Recoñecido pola Universidade de Florida co Miami GUITArt Composition Prize en 2017, ano no que igualmente resultou seleccionado como compositor residente do proxecto Música Nova da Universidade Estadual do Paraná, a súa obra de concerto é interpretada regularmente en países como Canadá, Portugal, Brasil, Italia ou USA.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



XVIII CICLO MÚSICA PARA UNHA ÉPOCA 2019

Organiza: Museo de Belas Artes da Coruña Sede: Salón de actos Horario: 12.00 h Entrada libre

Domingo, 5 de maio
12.00 h

Concerto:
**A música dos séculos
XVII e XVIII**
Visita: A pintura barroca

**ENSEMBLE
ALLETAMENTO**
Mario Braña (violín)
Elsa Pidre (violonchelo)

Sábado, 1 de xuño
19.30 h

Concerto:
**A música contemporánea
Concerto de clausura do
Festival RESIS**

MULTIENSEMBLE
Rafael Yebra (saxofón)
David Rodríguez
(percusión)

Domingo, 16 de xuño
12.00 h

Concerto:
O Romanticismo tardío
Visita: A pintura do século XIX

BASSANO ENSEMBLE
Ana Margarida Silva (piano)
Risto Vuolanne (contrabaixo)
Fernando Rodrigues (contrabaixo)

PROGRAMA

**Giovanni Bottesini
(1821-1889)**
Elxía No. 1 Re maior

**1º Concerto para
contrabaixo Fa# menor**
Allegro

**Serguéi Kusevitski
(1874-1951)**
Concerto para
contrabaixo

**Adolf Mišek
(1875-1955)**
Sonata para contrabaixo
e piano No. 2 Mi menor

**Giovanni Bottesini
(1821-1889)**
Gran Duo
Passione Amorosa para
dous contrabaixos

ANA MARGARIDA SILVA (piano) Natural de Lisboa, licenciouse en piano na Escola Superior de Música e Artes do Espectáculo do Porto. A través do programa Erasmus, frecuentou a Liszt Academy of Music, en Budapest, na clase do pianista László Baranyay. Posteriormente, ingresou no Royal Conservatoire of the Hague estudando co pianista Naum Grubert. Nas vertentes de música de cámara e acompañamento, perfeccionouse con Hans Eijsackers, Hans-Louis Meijer e Ellen Corver. Complementou a súa formación co pianista Savka Konjickusic, en Lisboa. Participou en masterclasses de piano e música de cámara orientadas por Fausto Neves, Sequeira Costa, Pedro Burmester, Arbo Valdma, Michel Gal, Doa Le Croft, Bart van Oort, Naum Grubert, Malcolm Martineau, Malcolm Bilson, Rian de Waal, Ellen Corver, Marcel Baudet, David Kuyken, Igor Roma e Dmitri Bashkurov. Actuou en concertos como solista e música de cámara en Portugal, Países Baixos, Reino Unido e Irlanda. Toca regularmente coa Lisbon Filmm Orchestra. Concluíu o máster en Ensino de Música na Universidade de Aveiro, a mesma institución onde se atopa a frecuentar o programa doutoral en Música. Actualmente é docente de piano e pianista acompañante no Conservatorio de Música de Sintra e no Conservatorio de Música D. Dinis en Lisboa. **RISTO VUOLANNE** (contrabaixo) Principal contrabaxista da Sinfónica de Galicia. Traballou con orquestras europeas como Concertgebouw, Róterdam Phil, Sinfónica da Radio Finlandesa e con directores como Lorin Maazel, Gustavo Dudamel, Esa-Pekka Salonen, Sakari Oramo e Valery Gergiev. Profesor da Nova Orquestra de Galicia e a Orquestra Nova de Andalucía. Deu masterclasses en España, Portugal e Arxentina (Teatro Colón) e colabou con conservatorios en Finlandia, España e Portugal. Como solista tocou, entre outras obras, "Angel of Dusk" de Einojuhani Rautavaara baixo dirección de Hannu Lintu, 2013. Deu recitais de música clásica e contemporánea en Londres, Nova York, Helsinqui, Santiago de Compostela, Porto, Coímbra. Toca e compón jazz. É o fundador da Jazz Band da Sinfónica de Galicia. Os seus grupos fixos son Kotka e Jäkäälä. En 2016 e 2017 deu concertos en Finlandia con dous saxofonistas lexendarios finlandeses Juhani Aaltonen e Eero Koivisto. Publicou varias gravacións de jazz e música improvisada. Entre os discos participados cabe destacar o álbum con motivo do 75 aniversario do compositor finlandés Teppo Hauta-Aho. Estudou con, entre outros, Entcho Radukanov, Niek de Groot, Margaret Urquhart, Janne Saksala, Rinat Ibragimov e Simo Väisänen. **FERNANDO RODRIGUES** (contrabaixo) Inicia os estudos de contrabaixo no Conservatorio de Odivelas en 1990 co profesor Fernando Flores, terminando coa valoración máxima. En 1995 entra na Escola Superior de Música "Reina Sofía" (España), na Cátedra de Contrabaixo co profesor Ludwig Streicher ata o ano 1998 con bolsa de estudo da Fundación Calouste Gulbenkian e da Fundación Issac Albeniz. Recibiu clases maxistras de Thomas Martin, Eugene Levinson e Gary Karr. En 1999 entra como solista na orquestra do Principado de Asturias e no mesmo ano, como contrabaxista na Orquesta Sinfónica de Galicia. Despois duns meses na Orquesta Sinfónica de Castilla y León, volta á OSG onde segue na actualidade. Desde 2017 é profesor no Conservatorio de Música do Liceo a Paz na Coruña. Colaborou coa Netherlands Philharmonic Orchestra e como solista realizou varios concertos en España co dúo *Contrabajísimo*.



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA

